

CEMU PRESTO VIVACE



CURSO 2017/2018

ACCESO AO 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSOS DO GRAO PROFESIONAL

PROCEDIMENTO

As probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e que consistirán en:

A.- Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de tres obras de diferente estilo, do nivel inmediatamente anterior ao curso ao que se opte. Deberá interpretarse, polo menos, unha das pezas de memoria.

B.- Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores ao que se opte.

Cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesítanse un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva e para proceder ao cálculo da media ponderada segundo as seguintes procentaxes:

Exercicio A: Interpretación instrumental: 70%

Exercicio B: Exercicio teórico-práctico: 30%

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada ejercicio provistos do DNI e do xustificante da matrícula.